

ELOS



1. Imos facer un experimento curioso. Corta ao longo tres trelas dunha folla de xornal, de algo menos de 2 cm. de largo.




2. Pega ambos extremos da primeira fita cun pouco de cola, mantendo a súa posición. Así terás un elo.




3. A segunda fita péga tamén, mais dándolle media volta a un dos extremos. Xa tes dous elos.



4. A terceira péga tamén, mais dándolle unha volta completa ao un dos extremos. E con este son tres.



5. Agora imos cortar cada elo cunhas tesoiras, todo ao longo. Para iso tríscaos como ves na imaxe.



6. E logo mete a punta inferior da tesoiras polo corte, e segue retallando todo o elo até dar a volta completa.



7. Do primeiro elo obterás dous elos iguais.



8. Do segundo elo, obterás un elo o dobre de grande.



9. Do terceiro elo, obterás dous elos iguais, unidos! Saberías explicar o porqué?